



Por ser mujer (documental)

España | 2020 | 60 min.

Dirección: Mercedes Resino

Reparto: Julia León, Luisa Postigo

Un documental que nos conta a vida das iniciadoras do feminismo en Madrid durante o franquismo: a profesora, durante 32 anos en Vigo, Luisa Postigo e a cantante Julia León

Julia León e Luisa Postigo, de familias da Falanxe e do Opus Dei, foron pioneiras do feminismo en Madrid, con Franco aínda no poder. Formaron parte do Partido Comunista na clandestinidade e romperon cos códigos familiares e sociais do momento. As dúas protagonistas deste proxecto explícanos, a través das súas vivencias persoais, a situación sociocultural da muller en Madrid, desde os anos 50 ata a actualidade.

É un percorrido - non exento de humor - desde a súa infancia, no seo de familias conservadoras, relixiosas e de dereitas, pasando polo tipo de educación represiva e retrógrada da Sección Feminina, dirixida á submisión da muller, e as dificultades para saír desas contornas.

FALADOIRO

Por ser mujer

Tras a proxección do documental terá lugar un coloquio, coa propia

Luisa Postigo

Martes, 12 decembro 2023

ás 19:00